

# ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE 3º CURSO DE PRIMARIA

## MATEMÁTICAS

- Analiza, comprende e resolve problemas revisando os resultados e comprobando as distintas solucións.
- Le, escribe e ordena números ata 10.000 e fai series ascendentes e descendentes.
- Aproxima números á decena, centena e millar.
- Descompón común e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das cifras.
- Memoriza a táboa de multiplicar para facer cálculo mental, contas e resolución de problemas e identifica os termos dunha multiplicación.
- Realiza cálculos numéricos e resolve problemas empregando a división dunha cifra e identifica os termos da mesma.
- Identifica as unidades do sistema métrico decimal: lonxitude, capacidade, masa ou peso, empregándoas para medir con diferentes instrumentos, elixindo a unidade máis axeitada.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa, en forma simple e compara e ordena as medidas dunha mesma magnitude.
- Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida e as medidas temporais máis usuais.
- Coñece o euro como moeda da Unión Europea e calcula múltiplos e submúltiplos do mesmo.
- Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
- Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
- Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, esfera...).
- Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.
- Resolve problemas xeométricos que indiquen dominio dos contidos traballados.
- Constrúe táboas e gráficas con datos recollidos de situacións do seu contorno e interpreta outras gráficas de táboas extraendo a información explícita.

## LINGUA ESTRANXEIRA

- Utiliza as normas de cortesía: saúdos, dar as grazas e pedir por favor.
- Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar.
- Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais e textos escritos en soporte papel ou dixital con estruturas simples e léxico de uso cotián.
- Escribe textos sinxelos respectando as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.
- Comprende e usa axeitadamente o vocabulario básico relativo a días da semana, meses, tempo atmosférico, roupa, comida, números ata o 100, partes da casa, mobles, roupa, partes do corpo e da cara, materiais escolares, actividades de tempo libre, instrumentos musicais, personaxes de contos, adxectivos para describir persoas, animais, comida, preposicións, estados e sentimentos e accións.
- Utiliza estruturas morfosintácticas básicas para expresarse sobre aspectos persoais de si mesmo e os demais, posesión propia e doutros, a hora (en punto, e media) localización de obxectos, prezo, expresión de desexos, cantidade, gustos e preferencias, habilidades e capacidades.

## LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- Emprega a linguaxe oral para comunicarse e aprender e participa activamente en situacións de comunicación na aula.
- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.
- Comprende de forma global a información de textos orais e escritos, selecciona as ideas principais e responde preguntas de noticias, contos...
- Utiliza de xeito guiado os medios as TICs para obter información.
- Memoriza e reproduce de memoria textos sinxelos: contos, cancións, adiviñas... e interpreta diferentes personaxes con xestos definitorios.
- Le en voz alta e en silencio, sen dificultade, diferentes tipos de textos.
- Resume, respondendo a preguntas, diversos tipos de textos, identificando as palabras clave.
- Iníciase na utilización do dicionario.
- Escribe textos sinxelos con axuda: noticias, contos, narracións, anuncios, receitas...
- Respecta e utiliza con corrección as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
- Presenta os seus traballos con ortografía clara e limpeza.
- Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas, carteis publicitarios, anuncios, cómics...
- Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas.
- Utiliza con corrección os tempos verbais.
- Diferencia familia de palabras.
- Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas...
- Utiliza prefixos e sufixos para crear palabras derivadas.
- Recoñece a oración simple e distingue nela o suxeito e o predicado.
- Aplica as normas de concordancia.
- Aplica, con axuda, as normas de acentuación e os signos de puntuación correctamente.
- Valora os recursos literarios de tradición oral: poemas, cancións, refráns, adiviñas, contos...
- Crea, con axuda, sinxelos textos literarios a partir de pautas

## VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

- Identifica e expresa adecuadamente os seus estados emocionais.
- Actúa valorando as consecuencias das accións.
- Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais.
- Comunícase de modo tranquilo e agradable cando dialoga en clase.
- Mantén unha actitude positiva ante os contratempos durante a realización das tarefas.
- Responde de forma reflexiva sobre o tema que se trata.
- Responde con tranquilidade a reaccións inesperadas dos seus compañeiros.
- Entende que hai máis dunha forma de resolver os problemas e emprega o pensamento creativo para encontrar solucións a conflitos.
- Utiliza correctamente a dicción, o ton e a actitude corporal en exposicións orais.
- Consegue a aceptación dos compañeiros e forma parte activa nas dinámicas de grupo.
- Comprende e expón oralmente a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.

## CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñece a morfoloxía externa do propio corpo, os cambios que se producen nas distintas etapas da vida e os órganos vitais importantes no funcionamento do organismo.
- Clasifica alimentos, diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.
- Identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
- Identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas, con criterio científico.
- Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e explícaaas empregando diferentes soportes.
- Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá e emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de rsiduos na escola.
- Explica os cambios da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotiá.
- Compara densidades de diferentes substancias que emprega diariamente respecto á auga.
- Coñece e emprega obxectos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento e a enerxía que empregan.
- Identifica oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.

## CIENCIAS SOCIAIS

- Identifica e localiza os elementos principais do Sistema Solar, o Sol, os planetas, recoñece algunhas das súas características e describe de forma sinxela os cambios: día-noite, estacións do ano, como consecuencia dos movementos terrestres.
- Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunhas das súas características principais.
- Identifica, nomea e describe as capas da Terra.
- Explica que é un volcán e as súas partes.
- Recoñece as distintas formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos e interpreta unha escala sinxela nun mapa,
- Oriéntase no espazo empregando os puntos cardinais.
- Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe como se forman as nubes e as precipitacións.
- Diferencia entre clima e tempo atmosférico, interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia e nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e algunhas características principais do clima da súa contorna.
- Describe ordenadamente as fases do ciclo da auga.
- Define paisaxe e os seus elementos, recoñece os diferntes tipos de paisaxe básicos de Galicia e recoñece no mapa os seus principais elementos, unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.
- Explica as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.
- Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da súa contorna.
- Define demografía e os seus principais conceptos e represéntaos en gráficos sinxelos.
- Diferencia entre materias primas e produtos elaborados asociándoos con diferentes sectores productivos e económicos.
- Coñece , utiliza e respecta as normas básicas de circulación.
- Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico.
- Distingue entre Prehistoria e Historia recoñecendo a escritura como a transición entre elas.
- Coñece algúns aspectos relacionados coa forma de vida da cultura castrexa.
- Valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno.

## EDUCACIÓN FÍSICA

- Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.
- Interiorizar a mobilidade, tanto do eixe corporal como dos diferentes segmentos en posicións diferentes.
- Consolidar a lateralidade.
- Valorar o propio corpo e a actividade física.
- Consolidar hábitos hixiénicos, alimentarios, da postura e de exercicio físicos saudables.
- Desenvolver hábitos para a prevención de accidentes
- Adecuar o movemento ao espazo, individual e colectivamente.
- Desenvolver a destreza visio-manual.
- Desenvolver a mobilidade corporal, independendizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal.
- Tomar conciencia do espazo no que se vive, desprazándose por el en todas direccións e utilizando nocións topolóxicas básicas.
- Percibir con precisión as distancias e os obstáculos en percorridos cada vez máis complexos.
- Valorar o interese e o esforzo persoal por enriba do éxito ou dos resultados obtidos.
- Participar con agrado na actividade física, independentemente da súa capacidade.
- Participar en xogos e actividades físicas colectivas.
- Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e regras que os rexen.
- Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas.
- Participar en actividades físicas e deportivas organizadas no centro.  
Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.
- Colaborar na organización de diferentes actividades físicas e deportivas, ocupándose de dispoñer o material necesario para a súa realización.

## RELIXIÓN

- Recoñece o amor de Deus connosco ao crearnos á súa imaxe, e admira a Creación descubrindo no noso protagonismo activo na defensa e mellora da natureza.
- Descubre a acción salvadora e o compromiso de Xesús co home dende os seus feitos e palabras.
- Describe algúns feitos de personaxes bíblicos, en especial a Xesús como persoa central e a María como colaboradora na salvación e Nai nosa.
- Recoñece que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus, e quen nos une é o Espírito Santo.
- Coñece e relaciona os Sacramentos da Reconciliación.
- Descubre que Xesús resucitou e vive para sempre.
- Sabe aplicar na relación cos amigos e a familia algúns valores xerados na persoa de Xesucristo, a humildade, o servizo e o amor.
- Fundamenta o sentido do mandamento do amor como ensina Xesús.

## EDUCACIÓN ARTÍSTICA

### PLÁSTICA

- Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.
- Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.
- Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.
- Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza, nas composicións artísticas.
- Amosa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as TICs e relaciona artistas coas obras máis representativas.
- Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
- Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, acuarelas... para a composición de obras.
- Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas.
- Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
- Completa figuras seguindoas liñas como guía.
- Combina técnicas de picado, encartado e pegado e usa a técnica de collage con, con limpeza.
- Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría e crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.
- Debuxa a figura humana coas proporcións axeitadas.

### MÚSICA

- Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.
- Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
- Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.
- Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.
- Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.